# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ÁLVAREZ LIMESES
CURSO: 4º PRIMARIA
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO:INGLÉS
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| PERFIL DE ÁREA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| PLE | | | | |
| Nivel | Área | Estándar | Criterios de avaliación | Competencias |
| Bloque 1: Comprensión de textos orais | | | | |
| 4º | PLE | 4º-PLEB1.1-Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade. | ***Comprender gran parte do sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados a súa idade. | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB1.2-Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual. | ***Comprender os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais breves e sinxelos (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB1.4-Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. | ***Escoitar atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. | CCL<br>CSC |
| 4º | PLE | 4º-PLEB1.5-Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. | ***Interesarse e respectar as intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. | CCL<br>CSC |
| Bloque 2: Producións de textos orais | | | | |
| 4º | PLE | 4º-PLEB2.1-Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa | ***Participar en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. | súa contorna inmediata, cunha pronuncia comprensible. | |
| 4º | PLE | 4º-PLEB2.2-Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. | ***Preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás. | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB2.3-Amosa unha actitude de escoita atenta. | ***Amosar unha actitude de escoita atenta. | CSC |
| 4º | PLE | 4º-PLEB2.4-Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións). | ***Reproducir comprensiblemente textos orais sinxelos e breves | CCL<br>CSC |
| 4º | PLE | 4º-PLEB2.5-Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as. | ***Manifestar interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as. | CSC |
| 4º | PLE | 4º-PLEB2.8-Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. | ***Amosar unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. | CCL<br>CSC |
| Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | | |
| 4º | PLE | 4º-PLEB3.1-Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | ***Comprendre frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB3.2-Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia | ***Comprender a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade e adaptados a súa competencia lingüística | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB3.9-Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | ***Amosar interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | CCL, CSIEE |
| Bloque 4: Produción de textos escritos | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4º | PLE | 4º-PLEB4.1-Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | ***Escribir frases sinxelas e breves relacionadas con temas da súa vida cotiá moi traballadas previamente de forma oral. | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB4.2-Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. | ***Escribir conversas moi sinxelas e breves, seguindo un modelo dado e respectando, en gran parte, a estrutura gramatical coñecida. | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB4.3-Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos). | ***Escribir textos moi sinxelos, organizados con certa coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado con situacións persoais. | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB4.4-Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...). | ***Completar un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...). | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB4.5-Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar | ***Responder de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto, de que cor é, que hora é, cales son os seus gustos. | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB4.7-Produce textos escritos significativos,en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. | ***Producir textos escritos sinxelos e breves ,en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. | CCL,CD, CSC |
| 4º | PLE | 4º-PLEB4.9-Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. | ***Presentar os seus textos con caligrafía clara e limpeza. | CAA,CSIEE |
| 4º | PLE | 4º-PLEB4.10-Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica | ***Amosar interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica | CCL,CAA |

Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4º | PLE | 4º-PLEB5.1-Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | ***Identificar, de forma guiada aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...). | CCL,CAA,CSC |
| 4º | PLE | 4º-PLEB5.2-Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | ***Amosar curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | CCL,CSC |
| 4º | PLE | 4º-PLEB5.4-.Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos. | ***Responder de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos. | CCL,CSC |
| 4º | PLE | 4º-PLEB5.5-Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas | ***Expresa, identifica e distingue algúns tramos horarios, rutinas do día, prezos e vestimentas | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB5.6-Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ). | ***Preguntar e responder de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, seres vivos ). | CCL,CSC |
| 4º | PLE | 4º-PLEB5.9-Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.. | ***Diferenciar preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.. | CCL |
| 4º | PLE | 4º-PLEB5.10-Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais. | ***Utilizar rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais. | CCL, CAA |
| 4º | PLE | 4º-PLEB5.13-Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente | ***Comprender e e usar de xeito progresivo o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente | CCL,CAA |

<table>
<tr><th colspan="2">1. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>- Procedementos:<br>- Uso de TIC durante o confinamento para comunicación e intercambio de tarefas.<br>- Observación nas reunións virtuais Webex<br>- Análise das producións dos alumnos/as.<br>- Rexistro das actividades enviadas polos alumnos.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>- Alumnado:<br>- Producións orais mediante o envío de vídeos<br>- Resolución de actividades e traballos realizados<br>- Profesorado:Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ ou libreta do profesor</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>En relación á 3ª avaliación e a avaliación final, o noso centro parte das seguintes premisas:<br><br><u>3ª Avaliación</u><br><br>- Adaptación da programación para o 3º trimestre.<br><br>- Cualificación da 3ª avaliación.- Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación.<br><br>A partir disto:<br><br>-<u>Alumnado coa media suspensa</u>: Poderá optar ao aprobado na área presentando as tarefas propostas polo profesorado.<br><br>-<u>Alumnado coa media aprobada</u>: Poderá optar a mellorar a cualificación presentando as tarefas propostas polo profesorado.<br><br><u>Avaliación final</u><br><br>A cualificación final será a media das tres avaliacións.<br><br>O profesorado fará un seguimento e avaliación das tarefas deste trimestre co fin de preparar o informe individual de cada alumno e alumna. Esta avaliación terá carácter diagnóstico.</td></tr>
<tr><td>Alumnado de materia pendente</td><td>Criterios de avaliación:<br>Terase en conta o esforzo na realización e entrega das tarefas propostas, así coma a actitude positiva ante as mesmas.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | |
| | Criterios de cualificación:<br>- Teranse en conta os resultados da 1ª e da 2ª avaliación.<br>- Valorarase a realización das actividades de recuperación, reforzo e repaso realizadas no 3º trimestre de cara a unha cualificación positiva. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>- Análise das producións dos alumnos/as.<br>- Comprobación e corrección da entrega de actividades propostas ao alumnado.<br>- Observación nas reunións virtuais (cando sexa posible).<br>- Uso de TIC (sempre que sexa posible).<br><br>Instrumentos:<br>Alumnado: Actividades e traballos realizados<br>Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ou caderno da mestra. |

| **2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades do terceiro trimestre están enfocadas no reforzo das catro habilidades que son necesarias para comunicarnos de forma clara e completa nun idioma.<br>Propoñemos actividades para que o alumnado realice de forma semanal ou quincenal que teñen como obxectivo o repaso e reforzo dos distintos bloques didácticos traballados durante o primeiro e o segundo trimestre.<br>As actividades propostas son normalmente cancións e vídeos para que continúen reforzando a expresión oral, vídeos interactivos, xogos e actividades on line, algunhas delas con autocorreción inmediata, e actividades escritas a modo de resumen de propostas previas. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A metodoloxía será activa, participativa e inclusiva partindo dos seus coñecementos previos e potenciando a variedade de materiais e de recursos e neste caso, con máis necesidade, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación **(TIC).** |

| | |
|---|---|
| | As videoconferencias son unha posibilidade de comunicación e contacto coas nenas e cos nenos .<br><br>As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das familias.<br>Con conectividade:<br>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.<br>- Desenvolvemento de actividades interactivas utilizando as TIC como recurso de aprendizaxe.<br>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados, utilizando diferentes fontes de recursos on line .<br>Téntase ao mesmo tempo , facilitar estratexias de autocorrección para fomentar a revisión do traballo.<br>Sen conectividade:<br>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.<br>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados para realizar no caderno ou en folios. |
| **Materiais e recursos** | - Recursos:<br>-Actividades descargables, actividades deseñadas polas mestras.<br>- Recursos Tics: páxina web do centro, reunións virtuais, correo electrónico, ,páxinas web, vídeos, fichas interactivas, kahoots.<br>-Teléfono en casos necesarios |

| **3. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | - Abalar Móbil<br>- Correo electrónico<br>- Teléfono .<br>- Páxina web do centro |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |